

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON1110D0	Expediente CON/1/2017	



### ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Subscrición póliza de seguro de risco colectivo de accidentes dos empregados municipais do Concello de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 12.500 euros/ano exento de IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 30 de marzo de 2017, ás 8:50 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** Dna. María Rozas Pérez.

**Vogais:** D. Manuel Dios, representante do grupo CA.  
 D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.  
 Dna. Carmela Domínguez Lage, xefa do servizo de persoal.  
 Dna. Marisa García González, en representación da intervención municipal.  
 D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

**OFERTAS PRESENTADAS:**

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	27/03/2017	13.148	W0068002E - MARKEL INTERNACIONAL INSURANCE COMPANY LTD (*)
2	27/03/2017	13.204	V48083521 - SURNE, SEGUROS & PENSIONES (*)

\*Proposición recibida por correo

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración, así como o esixido, tamén neste momento, documento acreditativo da súa inscrición no rexistro de entidades de seguro.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)
1	W0068002E - MARKEL INTERNACIONAL INSURANCE COMPANY LTD	9.504,69
2	V48083521 - SURNE, SEGUROS & PENSIONES	10.707,00

Así mesmo, e polo que respecta ás melloras cuantificables, os dous licitadores ofertan os incrementos de capital máximos previstos en cada unha delas.

Polo tanto, desta lectura das ofertas presentadas, despréndese que quen acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa é o licitador MARKEL INTERNACIONAL INSURANCE COMPANY LTD.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON1110D0	<i>Expediente</i> CON/1/2017	

15078DCON1110D0;



En consecuencia, a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador **MARKEL INTERNACIONAL INSURANCE COMPANY LTD**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **9.504,69 euros/ano** exento de IVE, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9:05 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
A PRESIDENTA DA MESA**

**O SECRETARIO DA MESA**



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON1110D0	Expediente CON/1/2017	



## ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Subscrición póliza de seguro de risco colectivo de accidentes dos empregados municipais do Concello de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 12.500 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 18 de abril de 2017, ás 9:20 horas.

### **ASISTENTES:**

**Presidenta:** Dna. María Rozas Pérez

**Vogais:**

- D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
- D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muíños representante do grupo PSOE.
- D. Rubén Cela representante do grupo BNG.
- Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- Dna. María Luisa Prego de Oliver Lopez, en representación da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **MARKEL INTERNACIONAL INSURANCE COMPANY LTD**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9:25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
A PRESIDÉNTA DA MESA**



**O SECRETARIO DA MESA**

